

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de OUTUBRO de 2020
Duración	Desde as 20:00 ata as 22:10 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	NON



Escusas de asistencia presentadas:		
Tomás Gosende Cambeiro: asuntos persoais.		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación
Indica o Sr. González que a acta non está dispoñible e desculpar por non dar tempo á redacción da mesma e que queda pendente para a súa aprobación no seguinte Pleno ordinario.	

2. Expediente 689/2020. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)	
Favorable	Tipo de votación
DEBATE	
<p>O Sr. González expón a modificación e toma a palabra o Concelleiro de Deportes que expón que emana dunha proposta da veciñanza do 2018 que solicitaban a ampliación do horario desas instalacións. O grupo de goberno tamén fixo esa petición e considerámolo primordial conforme a esta lexislatura, antes de fixar o horario concreto consideramos que era importante facer unha sondaxe para optimizar os recursos para que non supoñeran un malgasto. Realizada a sondaxe e analizados os datos recollidos, posteriormente se redactou o documento que se presenta, tendo en conta aquelas achegas que fixeron tanto os usuarios das instalacións como o persoal da propia instalación. Expón que as modificacións máis salientable que se introducen no regulamento son o concepto de instalación non unha instalación única senón órganos independentes a nivel horarios, presentamos tamén unha modificación do modo acceso á instalación e o horario que se presenta ampliado e diferenciado ó longo do ano, diferenciado xa que ha</p>	



terá tres tipos de horarios.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que expón que unha vez máis que están en minoría e que gobernando destexeito atrevésense a traer a este Pleno a modificación do Regulamento de funcionamento do complexo da piscina como se gobernase en maioría sen falar e sen consensuar coa oposición. Definitivamente as palabras diálogo e consenso non figuran no seu vocabulario particular. Aos acordos que se toman non Plenos fanlle moi pouco caso e teñen iniciativa de diálogo cando pensan que algo pode ir mal e fannos partícipes para ter a quen votarlle a culpa.

Continua a Sr. Molinos indicando que despois de facer todos os cambios de horario de apertura destas instalacións sen ter en conta que existe un regulamento o que se debe ter cumprimento, ademais de variar os turnos de traballo dos empregados prexudicando a súa conciliación persoal e laboral e non nos referimos as modificacións necesarias derivadas da pandemia senón as que non tiveron nada que ver con elas.

Traen para a súa aprobación neste Pleno a aprobación dun novo regulamento, na comisión informativa informaban que só cambiaban os horarios e tiveron a ousadía de colar nese regulamento nun punto no artigo dous concretamente no punto dous que di que as modificacións podería ser pola XGL o que lles permitiría cambiar horarios cando quixesen e os prexuízos que iso suporía e quitarlle competencias ó Pleno da corporación.

Entendemos que calquera regulamento debe aportar estabilidade no funcionamento das instalacións en canto a calquera norma no horario o que se refira, non que se vea sometido ós cambios que a vostedes lles pareza sen que pasen pola aprobación deste Pleno.

Continúa a Sra. Molinos enunciando que centrándose horarios en si pretenden aumentar o horario de funcionamento abrindo o domingo pola mañá e din vostedes que fixeron estudos que o xustifican, pero nós non sabemos se existen eses estudos porque a nós non os ensinaron. Chámanos a atención que no artigo 20 sobre con respecto ás sancións fan relación ás mesmas en leves, graves e moi graves pero non describen eses niveles, pregunta a Sra. Molinos se o grupo de goberno pretenden ir definíndoos co seu único criterio na Xunta de Goberno Local porque sen esa definición non sabe a que multa se enfronta.

Indica a Sra. Molinos que, por outra banda, nos alarma a limpeza das mesmas, en



tempos de pandemia, cando máis se deben incrementar as medidas de limpeza e desinfección, ese complexo deportivo está sen persoal de limpeza dende as 8:30 ás 9:30 da mañá e dende as 17:00 ás 19:00 de luns a venres e os sábados de 9:00 a 10:00 da mañá, facendo esta labor, a esas horas, outro persoal das instalacións que non están formado para iso. Cando lles aumentaron as horas de traballo o persoal asignado á piscina pensábamnos que era para cubrir ese horario pero xa vemos que non foi así senón que pasaron a recortar a limpeza no colexio, que pensamos que tamén fai falta. A nós este xeito de proceder parécenos errático.

Ten a palabra o voceiro o Sr. Núñez do BNG a verdade que chama a atención a ousadía e que anden a voltas coa normativa, cando o máis urxente para a piscina é a limpeza que neste momento é insuficiente e o arranxo das deficiencias: auga fría, pingueiras, maquinaria estragada, etc. e o complemento da moción presentada polo BNG fai un ano. Continúa dicindo que é curioso que anden ás voltas con isto cando nin se quere foron capaces de retirar un par de sacos de escombros que levamos meses denunciando. Vostedes seguen erre que erre con poñer un horario que nin lle mandan os usuarios e que non é consensuado con traballadores, os cales lles lembro que non están nada contentos co seu proceder.

Lembra tamén o Sr. Núñez ao grupo de goberno que a nosa moción sobre a piscina municipal que vostedes apoiaron recolleuse que o goberno local que se procedera á contratación de persoal formado en monitor de sala e que se realicen as xestións pertinentes para evitar o peche da piscina ao mediodía, cousa que obviamente nesta nova ordenanza non está recollida. Aínda que non cumpriron o primeiro, xa queren contradicir o aprobado en Pleno non conseguindo que se dite este peche ao mediodía. Voulle facer unha pregunta con total sinceridade, ¿vostedes pensan que a oposición non lee os documentos? ¿Non teñen claro que gobernan en minoría?. Indica que é vergoñento ver como seguen na mesma liña de querer roubar competencias ao Pleno pretendendo colar de tapadillo dentro da normativa no punto 2.2 engadindo que as futuras modificacións horarias nas instalacións serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Indica que todo o exposto con anterioridade xustifica e anuncia o voto en contra do BNG.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño que indica que con respecto á mesma, e fai referencia o documento colgado no portal web, o anuncio no portal web da consulta pública, debería estar cuberto por vostedes, indica que para que el supera os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras. Indica que



iso debería estar cuberto polo Sr. Alcalde. Indica que vai ser moi claro co Sr. Alcalde que non sabe se queren facer de Outes un centro comercial que abra tódolos domingos ou se pensaron en facer un estudo entre os usuarios do Concello para ver si así e se o demandar abrir o Concello tamén os domingos pola tarde. Indica que incluso tería unha gran demanda entre os usuarios a aula de informática os domingos. E indica que esa é a súa opinión.

Con relación ao expediente 689/2020 o Sr. Caamaño fai dúas apreciacións, a primeira é que pensei que fixeran vostedes unha proba piloto durante un tempo e que terán no seu poder os números correspondentes, pero como a súa transparencia non me deu eses números nin os argumentos necesarios para cambiar este regulamento, o partido socialista non pode apoiar a proposta.

Continúa o Sr. Caamaño coa segunda puntualización indica que ao partido socialista gústalle formar parte das decisións que o goberno local quere levar adiante, e repite o argumento que deu cando falaron do número e tempo de contratar os auxiliares dos policía locais, teñen que basearse nunha maioría da comisión ou Pleno correspondente por iso o artigo 2.2 deste regulamento que nos afecta deberían vostedes eliminalo ou modificalo en pro da transparencia e da maioría que necesita este goberno.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez, Concelleiro de Deportes, indicando que están en minoría pero que pretende presentar cousas e o que pretendeo grupo de goberno é cousas neste Pleno e o Pleno é quen decide se vai adiante ou non vai adiante ou se presentan modificacións ou non. Continúa expoñendo que estas cuestións pódense facer tamén na comisión, onde nestas están calados e despois veñen aquí e soltan todo o que deberán ter dito na comisión. O documento foi consensuado cos usuarios e co persoal e fíxose unha sondaxe previa e os acordos de cada modificación de horario están asinados cos empregados, polo que indica que tan mal tampouco o fixeron e houbo moito que negociar para chegar a eses horarios e para presentar estes horarios. Indica que con respecto ó punto 2, de como din quitarlle competencias ao Pleno, existen regulamentos e ordenanzas fiscais que son aprobadas na XGL e nunca viñeron a presentalas ao Pleno vostedes. Pensen que que a súa aspiración será gobernar algún día e que tal vez o teñan que facer.. Con respecto á estabilidade do horario para iso se fixo a sondaxe, para poder finalmente presentar un horario estable e non andar bailando se hai xente ou non hai xente, de feito na sondaxe tamén estaba aberto os sábados pola tarde, cousa que non foi rendible a nivel de usuarios.

As sancións pódense acordar na XGL, ou tamén poderían acordarse co persoal da



piscina ou con vostedes aquí no Pleno. Con respecto a limpeza indica que ao ser as primeiras horas (08:00 e 17:00 h) non se fai porque xa está limpo da xornada anterior e mais da mañá. Con referencia ao dito polo BNG con respecto á limpeza xa acabo de responder agora mesmo tamén e que a piscina ten outras demandas antes que o horario, claro que si, por iso levamos invertidos 21.000 € desde que entramos en xuño hasta o mes de setembro. Que faltan cousas, por su posto, seguimos traballando e o presuposto é limitado e da para o que da e temos que ir acometendo as diferentes necesidades que teña a piscina. A súa moción votámola a favor pero unha vez despois da sondaxe démonos conta que era inviable, a necesidade de persoal, gasto de electricidade, a falta de usuarios lévanos a non poder abrir aos mediodías. Con respecto ao horario hai que mantelo mentres estea aberto e os recursos son limitados. Por último, os documentos afeñán para que poidan léelos respondendo ao partido socialista con respecto ao que considera que o papel tiñámolo que cubrir nós este é o procedemento que hai e isto é o que hai que presentar e colgar na web. A sondaxe previa para os domingos, si que se fixo e indicouse que si hai xente. Expón unha pregunta, este horario ou esta proposta creen que vai ser ou non vai ser unha mellora para a veciñanza.

A Sra. Molinos indica que en anteriores gobernos nunca na XGL se levaron cousas que foran competencia do Pleno, en canto as sancións de benestar reguladas e figurar no regulamento que para iso se fai, o da limpeza que indica que está nesas horas limpo, si ata que se ensucie e non haininguén para poder limpar. Se fixeron a sondaxe a fixeron realmente e que a maioría da xente considera que debe facer este horario, en favor da transparencia que tanto fan gala deberían de ensinarnos este aos membros da oposición.

Toma a palabra o Sr. Núñez e sinala que non saben se non escoitan o por pura ansia de mellorar vostedes volver a ver o Pleno e analizan o que fan porque o seu procedemento despois de máis de un ano o seu procedemento non se moveu un centímetro, é dicir, a nos fascínanos que dixo que o procedemento é o que hai e os procedementos tamén poden ser inoperativos. Continúa indicando que no Pleno se presentan as propostas e que se votan e como van ver coas intervencións que houbo vai decaer porque non consensuaron nada nin tiveron un mínimo de transparencia ensinando eses sondaxes doas que non temos ningún dato e tamén fascínanlle unha cousa que se dixo que antes veñen as comisións e que alí se teñen que dicir as cousas, indica que moitas veces nas comisións se nos di que xa o diremos no Pleno, cantas veces temos dito cousas nas comisións e vostedes non facernos caso. Fagan o favor de non rirse de nós e dos veciños, é moi triste que a día de hoxe teñamos que soportar este tipo de actitudes.



Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica quesó tres frases: sigan vostedes así, o procedemento é así e o procedemento vaise dirimir na seguinte votación.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez para aclarar que cando se refire ó procedemento referíase ó procedemento da exposición pública, non ó procedemento do goberno, e como ven dixen a función de un goberno e propoñer cousas e vostedes decidirán se son acertadas ou non.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votosa favor

PP: 4 votos en contra

BNG: 2 votos en contra

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto en contra

Non saíndo adiante a proposta de modificación do complexo deportivo do Concello de Outes.

ACORDO

PROPOSTA ALCALDÍA

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña);

Visto o informe de Secretaría de data 16.09.2020, en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para proceder á modificación do Regulamento do Complexo Municipal de Outes, que á súa vez foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 28.04.2016 e que se expuxo ao público por medio de anuncio publicado no BOP da Coruña nº87 do 09.05.2016 e na páxina da Corporación, sen que no prazo regulamentario se presentase ningunha suxestión ou reclamación, polo que quedou aprobado definitivamente.

Visto o proxecto de modificación do Regulamento do Complexo Municipal de Outes elaborado polos Servizos Municipais de Deportes e Educación, entregado con data 19.10.2020,

ACORDO



PRIMEIRO. Modificar o Regulamento do Complexo Municipal de Outes de conformidade ó proxecto de modificación que consta no expediente.

SEGUNDO. Someter a modificación do Regulamento a información pública no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamación e suxerencias que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Esta modificación entrará en vigor consonte ós artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

3. Expediente 806/2020. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Expón o Sr. González que como sempre temos que traer a Pleno os días que propoñemos como días de festivos locais para o ano 2021 e que non se levou a cabo antes pola tardanza da institución que as solicita, as eleccións e tamén se tardaron máis en fixar os festivos doutras administracións e a proposta non é innovadora e indica os días marcados na proposta.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que estas datas son datas moi significativas en canto a festividade para os veciños de Outes e que ogallá no ano 2021 se poidan celebrar sen que foise necesario aplicar as restricións desta crise que estamos a vivir neste ano.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 4 votos a favor.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor.

ACORDO



PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña);

Vista a solicitude efectuada pola Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia (S.M.A.C.), relativa á remisión por parte deste Concello dos dous días festivos para o ano 2021;

En aplicación das previsións contidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propoño ó Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Fixar como días festivos para o ano 2021 as seguintes datas:

- Mércores 17 de febreiro (Mércores de cinza);
- Mércores 29 de setembro (Festividade de San Campio).

SEGUNDO.- Comunicar a presente á Xefatura territorial de Emprego e Igualdade (S.M.A.C.), para o seu coñecemento e efectos.

4. Expediente 721/2020. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González expón a proposta da modificación da ordenanza do lixo. E que a proposta que se fai implicou un interesante estudo económico para todos os veciños de Outes sobre o que nos vai costar a recollida do lixo e que aproximadamente algo menos de 340.000€ ó ano dos cales SOGAMA a penas representa o 44% e que en definitiva o que os veciños lle pagan a SOGAMA son 166.000 € e o que tamén é importante ter en conta é que a taxa de cobertura do servizo, a diferenza entre o ratio do que recadamos e gastamos neste servizo, que non cubrimos con esta taxa o custe do servizo. Houbo unha pequena modificación que xa comentamos na comisión, o que se propón é unha rebaixa na cota tributaria que pagan os veciños equivalente ao aforro que nos supón a nós



pagar menos a SOGAMA que son 15.000€ de aforo significa un 6% que é o que consideramos que se debe propoñer para rebaixar as distintas modalidades de cota tributaria.

Toma a palabra a Sra. Molinos e indica que como se adoita dicir sen tempo non foi e celebran que se dignasen a tramitar a modificación desta ordenanza para facer repercutir nos recibos dos veciños a rebaixa correspondente, a bonificación que fai SOGAMA co Concello mediante un convenio asinado polo anterior goberno. Continúa indicando que o que xa non poden celebrar é que non o fixesen o ano pasado e que tampouco se puxesen a traballar no tema cando o recordamos no Pleno de xaneiro e o fixera falta volver a recordarllo no Pleno de xullo. Nestas ocasións desculparon dicindo que non había tempo material para modificar a ordenanza, é dicir desde setembro do ano pasado ata outubro deste ano só houbo tempo para facer o cálculo dunha porcentaxe, iso si para facer outras ordenanzas para cobrarlles aos veciños como os servizo do P.A.I. o que non sabemos intentan equipara a un servizo infantil e máis por diversos servizos de conciliación familiar antes gratuítos, para iso si que tiveron tempo necesario. Temos que pedirlle ao goberno que poñan tanta dilixencia cando se trata de abaratar de o cobro de certos servizos como de cando se trata de aprobar normas para empezar a cobrar por outro. Xa para finalizar indica que lles gustaría que lles aclarasen canto tempo vai durar esta rebaixa. Indica que na exposición final da proposta da nova ordenanza que pretenden aprobar figura que entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano 2016, pensamos que é un erro e que debería aclararse e subsanarse neste momento e que traballen con un pouco máis de rigor porque creemos que xa é a terceira vez que facemos notar estes erros nas datas das ordenanzas que publicaron.

Toma a palabra a Sra. Suárez e indica que efectivamente o que tamén nos gustaría que aquelas unidades que executan aquelas ordenanzas ou aqueles proxectos que a vostede lle interesa sobre todo para figurar en prensa foran trasladados coa mesma axilidade cando conleva unha rebaixa para a nosa veciñanza. A rebaixa do 10% que está asinado no convenio con SOGAMA é unha bonificación se mal non me engano e leva consigo unha serie obxectivos. Entre estes obxectivos a cumprir era a reciclaxe, SOGAMA bonifica ao Concello de Outes co 10% tal e como é a recollida de lixo neste Concello e tal e como están os contedores neste Concello, que é en total estado de abandono. Outro punto, que SOGAMA entende que nas condicións nas que temos a recollida de lixo neste Concello e facemos rebaixa do 10% se vostedes fixeran o que tantas veces polos distintos grupos políticos e polo noso se trouxeron moción, se trouxeron rogos, se trouxeron preguntas, dende todos os currunchos deste Concello ¿Por qué non hai



un só onde estea en condicións os contedores? Hai veciños que teñen que recorrer quilómetros para poder reciclar o vidro, hai veciños que teñen que recorrer non sei canto para poder reciclar o plástico e outros sen embargo acaban atópanse nun espazo de 50 metros ou 100 metros con tres contedores para plástico ou con tres contedores para vidro. Non sabemos a que ven o xeito que teñen vostedes, e que se lles pediu dende o principio, que puxeran orde no tema dos contedores e de recollida de lixo, vaias por onde vaias é imposible atopar uns contedores de lixo en peor estado cos do Concello de Outes.

Para rematar, indica a Sra. Suárez que se alegran de que trasladen o desconto das taxas da recollida de lixo aos veciños pero atrévome a dicirlle que os veciños preferirían ter unha prestación da recollida do lixo en condicións a eta rebaixa, así que por favor póñanse a traballar porque non penso que sexa algo tan complicado reordenar os contedores e a recollida no noso Concello.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do partido socialista que indica que non vai a entrar en como xestiona o goberno o lixo nin a recollida, porque vai ser máis concreto e voume centrar no que é a rebaixa en si, nonvai ser o partido socialista de Outes que diga que non a unha rebaixa do recibo do lixo para os veciños. Hai que recoñecer que non é unha rebaixa feita por vostedes senón que é unha rebaixa feita por SOGAMA para os veciños. Indica que se o goberno quixera podían poñer da súa parte e aumentar esa bonificación pensando sobre todo nos tempos difíciles que temos enriba pero xa vexo que vostedes non pensan neso.

O Sr. González responde á pregunta feita pola Sra. Molinos e indica que a bonificación vai durar hasta que de novo se cambie a ordenanza, xa que, dependemos dos cambios que nos indique SOGAMA de aumentar ou reducir a bonificación, nos para poder trasladalas aos veciños temos que modificar a ordenanza. Polo que agora mesmo descoñecemos neste momento.

Toma a palabra s Sra. Molinos para dicir que entende que mínimo é de dous anos esta rebaixa e que o convenio é de dous anos, indica que non é só iso o que quere dicir senón tamén o da data da ordenanza para reiterar que se teña en conta a data da publicación. E que se debe votar.

Responde o Sr. González que de feito o que se está aprobando é a modificación do artigo 5 aínda que non aparece esa referencia.

Toma a palabra de novo a Sra. Molinos e indica que o que di é que a ordenanza quedaría tal e como pon no documento que consta no expediente.



Toma a palabra o Sr. González e indica que corríxirase ese punto.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

ACORDO

ASUNTO: MODIFICACIONDA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, alcalde do Concello de Outes (A Coruña), propoño ao Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO no seguinte contido literal:

“Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota da taxa na modalidade de vivenda é de 32,33 **€/semestre**, dos que 28,29 €/semestre corresponden ao servizo de recolla e tratamento de lixo, e 4,04 € á dispoñibilidade do punto limpo municipal.

2. A cota tributaria da taxa na modalidade de establecemento de calquera clase aberto ao público é de **53,87 €/semestre**, dos que 49,85 €/semestre corresponden ao servizo de recolla e tratamento de lixo, e 4,02 € á dispoñibilidade do punto limpo municipal.

3. A cota tributaria da taxa na modalidade de restaurantes, supermercados e almacéns de alimentación é de **64,64 €/semestre**, dos que 60,60 €/semestre corresponden ao servizo de recolla e tratamento de lixo, e 4,04 €/semestre á dispoñibilidade do punto limpo municipal.”

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública no taboleiro de anuncios



do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Esta modificación entrará en vigor consonte aos artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

5. Expediente 777/2019. Procedemento Xenérico.

Favorable

Tipo de votación

- **Do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centraran preferentemente na consulta telefónica, isto está ocasionando moitas dificultadas tanto xs profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria como no acceso da poboación á mesma.



Á situación de sobrecarga de traballo que padecían xs profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, xsceladorxs ao límite, soportando una presión tremenda, é imposible xestionar tanta chamada como a que se produce.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade,

É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO



1. Instar á Xunta aos seguintes puntos:

1.1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

1.2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogosclínicxs, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...

1.3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

1.4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

1.5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos e di que é innegable que nos atopamos nunha situación extraordinaria, impredecible e algo complicada de xestionar. En Galicia contamos co Plan Galego de Atención 2019-2020 que está en desenvolvemento e as ideas que contempla este plan foron definidas coa participación de tódolos colectivos implicados. Coa aparición da pandemia introduciuse a valoración a través dunha chamada da necesidade de consulta presencial, unha medida razoable e de prudencia que non foi exclusiva de Galicia senón que se deu en todas as comunidades autónomas. No momento actual estamos pasando pola segunda onda da pandemia e faise imprescindible que as persoas con sintomatoloxía compatible coa COVID-19 deixen de circular e acudan ao centro



sanitario para atención presencial só para o que sexa necesario, garantindo sempre a seguridade para os pacientes e para o persoal que o vai a atender.

Continúa a Sra. Molinos indicando que de todos os xeitos estamos nun momento de transición onde á atención telefónica debe de deixar de estar tan presente e camiñar cara un carácter máis complementario, e neste sentido o SERGAS activou o Plan de Reactivación asistencial en atención primaria e o seu ritmo de desenvolvemento ven marcado pola situación epidemiolóxica na nosa comunidade en cada momento, na medida que os criterios clínicos indiquen que van mellorando e os plans e protocolos se vaian revisando poderase ir ampliando o aforo nos centros sanitarios. Do mesmo xeito, que os criterios clínicos e os profesionais de primaria determinan quen acude presencialmente ao centro sanitario.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño que indica que así como as veces o BNG déixao descolocado debe de dicir que desta vez atinaron en todo. Parece ser que só exista a COVID-19 para a Xunta de Galicia e non mo van dicir vostedes a min que retrasaron unha intervención cirúrxica dun cancro dun familiar meu tres veces, tres semanas consecutivas, con hora de entrada no hospital. Indica que o da atención telefónica vaino deixar porque parece igual que cando te queres dar de baixa nunha teleoperadora telefónica, non hai ninguén ou non che collen. Esperemos que unha vez por todas que algo cambiara neste país e, dende logo, así na sanidade imos mal. Desexa a todos e os familiares que non teñan que acudir polo menos nos próximos 4 anos.

Toma a palabra o Sr. González e expón que o grupo de goberno vai a votar a favor desta moción, xa que, en liñas xerais estamos completamente de acordo que posiblemente a atención primaria quere anular o sistema de saúde, que ademais é unha peza fundamental do Estado de Benestar. Seguramente se se puxeran moitos máis recursos na atención primaria, no só agora coa cuestión da COVID, senón en liñas xerais non habería como temos tanta xente en lista de agarda e o problema que iso supón. Se a atención primaria puidera atender moitas doenzas, moitas máis cuestións seguramente aliviaríamos as consultas dos especialistas como pasa noutros países e gañaríamos todos. Indica que esta moción vai neste sentido e por tanto anuncia o apoio á mesma.

Toma a palabra a Sra. González para indicar que en canto á puntualización que fixo a Sra. Molinos dicir que efectivamente hai un acordo para a atención primaria de 2019-2020 pero a día de hoxe non se está desenvolvendo, a día de hoxe primaria está á mesma xerencia que un hospital e comparte os recursos



económicos tamén. Que vostedes que digan neste Pleno que a atención telefónica ven derivada pola situación do COVID, isto no é así, isto é algo que o Presidente da Xunta de Galicia xa nos vendeu como un gran logro antes de confinarnos incluso e que era o futuro da sanidade. É un futuro que sobre o papel puxo en marcha pero que na realidade nin contou cos medios e infraestruturas que temos a día de hoxe nos centros sanitarios, centros de saúde, e hospitais e tampouco, pensamos nos, ca situación social do noso país nin co problema da porcentaxe de xente maior que temos desgraciadamente na nosa sociedade nin tampouco que non todos os fogares están conectados a día de hoxe e teñen unha solución por esta vía. Antes de poñer en marcha proxectos futuristas deberíanse poñer moi consciente da realidade que manexa e creo que neste sentido o Presidente da Xunta de Galicia non o foi.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor.

- **Do BNG:**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

O espazo comprendido dende San Paio (en San Lourenzo) ate enriba de Santa Lucaia (Mazaricos), conta cunha Fraga de gran valor natural que acolle variedade de árbores e especies autóctonas conformando un dos mellores bosques atlánticos non só da zona se non de Galiza.

O seu conxunto natural e as súas características orográficas conforman un lugar único que a día de hoxe se atopa totalmente desprotexido.



En **consenso co grupo municipal do PSdG-PSOE** creemos que urxente e prioritario dar protección a este emprazamento que se pode ver ameazado polos proxectos eólicos próximos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

-Iniciar a tramitación para a declaración como espazo natural de interese local (ENIL) do devandito emprazamento.

-Iniciar conversacións co concello de Mazaricos para que analice a posibilidade de facer o mesmo no seu territorio.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos indica que sempre estará de acordo coa preservación do noso patrimonio en xeral e do noso patrimonio natural en particular, non obstante pensamos que antes da tramitación podería ser convinte estudo por técnicos especialistas na materia sobre a idoneidade e posibilidade deses espazo para poder ser declarado espazo natural de interese local. Continúa a Sra. Molinos expoñendo que así mesmo pensamos que se debería contar tamén con informes sobre os beneficios e os prexuízos que lles pode acarear esa declaración aos propietarios dos terreos en cuestión.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista que indica que é unha moción consensuada e conxunta, xa que, ambos partidos estamos concienciados de que temos que salvagardar a nosa terra e as nosas riquezas paisaxísticas e o noso patrimonio. Sobre todo cando falamos de que Outes é un paraíso e nós queremos que o siga sendo.

Toma a palabra o Sr. González que expón que o grupo de goberno ve con bos ollos a protección e a posta en valor e conseguir a declaración de espazo natural de interese local o que implica tamén é a posta en valor dun espazo que hoxe en día seguramente é descoñecido para moita xente. Queríamos facer a achega que xa fixemos na Comisión de Servizos, nos o que se nos traslada por parte dos técnicos expertos na materia a declaración pode ser solicitada por dous concellos non só por un, polo que ten moita máis forza diante do órgano que ten que declara este espazo protexido e a Xunta de Galicia ten moita máis forza para sexa así e



pensamos que ten sentido facelo así. Creemos que o máis lóxico sería falar con Mazaricos valoralo conxuntamente, a menos que eles non o queiran facer e senón fariámolo nos.

Lévase a cabo un receso de 2 minutos.

Retómase o Pleno e anuncian que o BNG e o Partido Socialista, tomando a palabra a Sra. Suárez que recorda que o Sr. González plantexaba a posibilidade de que se falarala con Mazaricos e que Mazaricos comezara os trámites ao mesmo tempo que Outes para ser así so dous concellos os que soliciten. Obviamente non temos ningún problema para tramitalo conxuntamente. Indica que o tempo aprema e a problemática que hai detrás é algo serie e importante e expón que esta iniciativa debería ser algo que debería xurdir polo grupo do goberno. Non temos problema pero non sabemos o tempo que lle vai levar a vostede iniciar conversas con Mazaricos, pregunta a Sra. González ¿de que tempos estamos a falar?.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que a semana que ven as conversas. Indica a Sra. Suárez que unha semana de marxe parécelle razoable e así confirma o voceiro do partido socialista.

Toma a palabra o Sr. González e indica que a efectos prácticos e para darlle forma quedando o primeiro “Iniciar conversacións co Concello de Mazaricos no prazo dunha semana para presentar unha candidatura para declarar ese espazo como espazo natural de interese local conxunta”.

Toma a palabra a Sra. Molinos para facer unha puntualización e anuncia que o PP vaise abster neste punto, xa que, consideran que esta proposta debería de vir acompañada cun previo informe dos veciños que son propietarios de ese terreo para que polo menos puideran informalos da proposta que pretenden facer.

Toma a palabra o Sr. González e indica que eles entenden que a declaración, é un proceso regulado, e vai dar lugar a que os veciños expresen as súas opinións e intereses.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións



BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- **Do Partido Socialista:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Co inicio do novo curso nas actividades promovidas polo concello vimos como saltaron algúns problemas en canto ó uso do pavillón de Outes, como supoño que vostedes mesmos se darían conta, houbo problemas por culpa dos horarios en algunhas disciplinas deportivas, e todo isto porque non se pode usar adecuadamente o pavillón do Cruceiro de Roo, debido as deficiencias que este ten no seu interior por humidades no chan e outras cousas.

Como ben saben no Partido socialista de Outes ben dixemos que no noso concello non fan falla a día de hoxe grandes obras, senón que apostamos polo mantemento das xa existentes. Este é un dos casos que nos ocupa nesta moción e por isto que instamos ó Pleno do Concello a tomar o seguinte **ACORDO:**

1- Que se faga un estudo en profundidade das deficiencias que ten o pavillón do Cruceiro de Roo e se leve a comisión correspondente as posibles solucións para que non pase un ano mais sen poder dispoñer desta infraestrutura.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos crendo que é labor de calquera goberno manter e arranxar as instalacións da súa propiedade que presenten calquera tipo de anomalía ou problema sendo ese o caso do pavillón do Cruceiro avogamos por que se faga ese estudo que propoñen e que se lle de solución ao problema.

Toma a palabra o Sr. Núñez do BNG para expoñer que estean totalmente de acordo coa moción e que cren que o pavillón do Cruceiro ten potencial e se lle podería dar uso sempre e cando se solventaran os problemas que somos todos coñecedores que leva acareando moitos anos esta infraestrutura moitos anos, polo tanto anuncia o seu voto a favor da moción presentada.



Toma a palabra o Sr. González e indica que o grupo de goberno esta moción pide algo que xa está parcialmente feito e estamos preocupados pola herdanza referida o pavillón do Cruceiro de Roo e indica que se alegra que o PP indique que entende que deben solventarse os problemas que teñen as infraestruturas, refírese ao PP para indicar que anos tiveron para facelo o que pasa que evidentemente o que está ma feito despois ten difícil solución. Indica que o grupo de goberno teñen dous estudos feitos e dúas propostas incluso de solución do problema, son estudos que indican cousas diferentes incluso contraditorias, por iso temos que seguir avanzando para chegar a unha determinación. Por unha banda temos un estudo que nos india que o problema de condensación fundamentalmente afecta ao chan e que afecta á pista e polo tanto propoñen a substitución da mesma, creando un espazo con cámara de aire entre a existente e a nova. E temos outro estudo que indica que o problema é un problema de ventilación do propio recinto e que alí é onde hai que actuar.

Indica que teñen que seguir avanzando nese sentido, o grupo de goberno anuncia a abstención da moción porque xa é algo que estamos facendo e non é doado. Non é doado porque o problema é complexo, temos dúas solucións que indican que o problema é diferente.

Toma a palabra o Sr. Caamaño para dicir que xa sabe que cando algún grupo da oposición se lle adianta en algo de interese vostedes xa o teñen previsto ou xa o están consultando. Conforme teñen previsto o único que indica é que presenten os estudos e os leven a unha comisión especial e que leven cabo a segunda parte da moción, que é que se leve á correspondente comisión as posibles solucións e así tratarémolas entre todos

O grupo de goberno entende que esta moción pide algo que xa está parcialmente feito, pero que o PP o goberno debe sol ventar as mesmas. O que está mal feito ten difícil solución e temos dos estudos feitos e dúas propostas das solucións dos problemas e son estudos que propoñen cousas distintas e temos que seguir avanzando e tomar unha determinación. Temos por unha banda un estudo que propoñen a substitución da mesma e por unha cámara de aire e temos outro que o problema é do propio recinto e que hai que actuar e anuncia que se van a abster a dita moción e indica que non é doado porque o problema é complexo.

Toma a palabra o PSOE e cando se lle adianta xa o teñen previsto e paréceme e conforme o teñen previsto o que lle digo presenten os estudos e presenten a unha comisión especial.



VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- **Do Partido Socialista:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Non quero ser mal pensado nin meter cázana no seu goberno, pero alguén non está a cumprir ca función que lle corresponde, pois xa vai para un ano que nos pediu vostede un expediente de modificación de crédito no que se incluía, se mal non me lembro o cambio de sinalizacións deterioradas no noso concello, o cal foi apoiado por este grupo municipal, sen embargo vémonos na obriga de meter unha moción neste senso para que leven a cabo as súas propias propostas, que se ve que son incapaces de poñer a andar, e por isto que instamos o goberno a cambiar ou poñer algunhas que xa non existen como ´son os casos Valadares, Mirás, ou Major, e non me veñan vostedes que algunhas son da Deputación porque iso non lle serve de desculpa da súa deisadez no asunto, e por isto que instamos ó Pleno do Concello a tomar o seguinte **ACORDO**:

1- Que se faga efectiva a proposta de cambio e reposición de sinalizacións deterioradas ou inexistentes e da que xa teñen informe dos municipais, antes da finalización deste ano 2020.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que efectivamente no Pleno do día 22 de outubro do ano pasado aprobouse a disposición de crédito para o proxecto de “Mellora e sinalización do tráfico no Concello de Outes” por valor de 48.279 € con cargo ao Superávit 2018, naqueles tempos había Superávit. Vai facer un ano e aínda non vemos en todas as nosas parroquias as sinais que figuran no proxecto,



mellor dito, esperamos que non sexan as que figuran no proxecto que nos ensinaron aos membros da oposición naquel momento. Porque se non se fixo un proxecto modificado ao respecto e se vai facer a execución sobre ese proxecto a parroquia de San Pedro de Outes vai quedar sen sinalización ningunha, por exemplo. Eta circunstancia xa a fixo notar o noso grupo no devandito Pleno e non vimos ningún proxecto alternativo na documentación. Tendo en conta a tardanza por parte do goberno en adxudicar os servizos incluídos nese proxecto pensamos que unha vez adxudicado debería impoñerse a maior celeridade para que dunha vez este rematada a súa execución e as nosas parroquias teñan unha sinalización debida.

Toma a palabra o Sr. Núñez indicando que están totalmente de acordo e coa moción presentada polo partido socialista e compartimos a visión de que o goberno leva unha velocidade de tartaruga para algunhas cousas, aínda que para outras non tanta. Normalmente para o que é necesario adoita tardar máis, non imos engadir moito máis do que se dixo, deberían poñerse as pilas e traballar.

Toma a palabra o Sr. González e indica que hai unha explicación lóxica pola tardanza e indica que se lesen o libro de decretos pois incluso podían saber, o proceso de licitación deste proxecto houbo unha adxudicación provisional e se adxudicouse á empresa que necesariamente tiña que ter entregado unha serie de documentación que acreditaba que a proposto era certa. Esta empresa presentou mal á documentación e despois de que lle fixemos requirimento, este é un proceso regrado con prazos que se lles dan ás empresas. Despois de cumprir eses prazos a empresa non presentou a documentación requirida para poder adxudicarlle finalmente este proxecto. Polo tanto, houbo que recorrer á segunda empresa da listaxe de licitadores dese concurso, cuestión que xa fixemos e cuestión que xa avanzamos e agora estamos pendentes simplemente de que a segunda empresa entregounos esta documentación e unha vez analizada podemos adxudicar e empezar as obras. Polo tanto, o grupo de goberno anuncia a abstención desta moción porque é razoable o acontecido.

Toma a palabra o Sr. Caamaño indicando que xa ve que o grupo de goberno teno previsto entón sigan así, nós imos seguir así e facendo mocións para que vostedes se movan e para que vostedes actúen con celeridade.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que por suposto que len o libro de decretos e somos coñecedores da circunstancia indicada o que non din visto no libro de decretos foi a modificación o proxecto que vostede dixo que ía facer.



VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

- **PREGUNTAS**

- **DO PLENO ANTERIOR:**

- **Do PP:**

PREGUNTA 1. No Pleno extraordinario do 10/10/2019 preguntábase ao Goberno Local se tiñan a disposición os terreos necesarios para levar a cabo a obra “Senda peonil para seguridade vial do cruce da praia de Broña ao cruce de Tavilo”, contestáronnos que naquel momento non era necesario telos porque aínda se estaba na fase de disposición de créditos para poder afrontar a obra. A día de hoxe esa obra xa está adxudicada e polo tanto pode comezar, entendemos que nesta situación si que será preciso ter todos os terreos a disposición:

- 1.- ¿É necesaria a disposición de terreos non públicos para a execución da obra?
- 2.- De ser necesaria, ¿xa teñen a disposición do Concello todos os terreos precisos?

Toma a palabra o Sr. González para contestar que o Concello fixo todos os trámites que entenden que son necesarios para a posta a disposición que son de carácter privado, de feito fixemos unha reunión previa cos afectados e procedemos posteriormente á sinatura das actas de cesión. Dos 29 propietarios afectados con dous deles foi imposible realizalo polas circunstancias son habituais en Galicia. Estamos falando de dous que cuxa afectación é de 6 metros cadrados e outra de 5,5 metros cadrados e non fomos quen de localizalos e entendemos que por ua



cuestión de interese público e sen menoscabo dos dereitos que poidan ter os propietarios esta obra pode executarse de igual maneira.

Pregunta a Sra. Molinos se se executaría sen a autorización deses dous propietarios ao que o Sr. González responde que si coa explicación que lle comentou. Sinala a Sra. Molinos que o Sr. Alcalde indicou que di que non fai falta por un dos lados da senda peonil e interrompe o Sr. González para indicar que a voceira do PP ten razón e que é por unha banda sí que fai falta e que subindo pola esquerda si que fai falta.

PREGUNTA 2. Fai unas semanas xubilouse Carmela a quen queremos agradecerlle dende aquí o gran traballo que fixo no Concello durante todos estes anos e desexarlle que desfrute felizmente desta nova etapa da súa vida.

Dende fai anos o Concello de Outes ven ofrecendo aos veciños un programa de prevención e redución do abandono escolar e axudar así aos rapaces con dificultades e tamén aos maiores que pretenden incorporarse de novo ao sistema educativo, que atendía precisamente esta traballadora.

A nosa pregunta é:

1.- ¿Como están solventando a falta desta traballadora para poder darlle continuidade ao programa antedito?

Contesta o Sr. González que o programa continúa e que de feito estase desenvolvendo nestes momentos e que substituíu a Carmela unha traballadora do Concello da área de Cultura e Xuventude que conta ademais coa titulación axeitada e a nosa idea é que mentres non se cumpra a praza vacante e que esta persoa desenvolva este traballo.

Pregunta a Sra. Molinos ¿e o traballo que facía esta traballadora? o que o Sr. González contesta que consideran que unha vez analizado o traballo que desenvolvía esta traballadora vimos que era posible que compaxinara os dous. Así o imos facer, xa que cremos que pode desempeñalo mi ben e economizamos o servizo.

O programa continua e estase desenvolvendo e substituír a Carmela unha persoa coa titulación axeitada e a nosa idea de que se cubra a praza vacante.

E o traballo que facía esta traballadora? Analizado o mesmo podíase compaxinar esta traballadora.



PREGUNTA 3. No folleto de actividades para o outono - inverno inclúen a impartición dalgunhas delas no Centro sociocultural de Viladomonte, sabemos que o edificio vai ser obxecto dunha obra de rehabilitación polo que presumiblemente non estará dispoñible, de momento, para acoller estas actividades.

1.- ¿Qué solución lle darán a esta continxencia?

Contesta o Sr. González que efectivamente están neste momento facendo estas obras da mellora da escola e as actividades estanse desenvolvendo actualmente na escola de Valadares.

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. A primeira pregunta é sobre a canalización da traída municipal de auga. Se teñen constancia de se hai este tipo de canalización nalgunhaoutra parte do Concello? Se teñen constancia ou non de que poida ser un risco para a saúde este tipo de canalización? Ten pensado facer algunha reparación ó respecto?

Contesta o Sr. González que saben que unha parte do que é o núcleo da Serra de Outes ten este tipo de fugas de canalización antiga, este tipo de tubaxe pode acarrear problemas polo que nos podemos saber e por iso agora mesmo non se poden instalar novas canalizacións con este tipo de tubaxes. Tamén sabemos que non hai unha obriga legal de substituíla así que cando se poñan novas hai que poñelas e outro materias. O que queremos facer nós é que a medida que vamos acometendo a reparación nas rúas ou nas prazas ir paulatinamente substituíndo.

Toma a palabra a Sra. Suárez para dicir que non pon en dubida que non haxa ningunha obriga legal pero cren que non fai falta ser un experto na materia e saber o risco que isto ten para o consumo e polo desgaste e pola cantidade de amianto que pode soltar. Indica que pasmouse o outro día cando ámbolos grupos recoñecera sen ningún tipo de rubor de que eran coñecedores que neste Concello tiñamos este problema e durante 20 anos non se fixo nada absolutamente nada para solventar este problema de saúde pública como este.

PREGUNTA 2. Para que continúe o programa de outono teatral seguindo un protocolo durante esta pandemia, creemos que a cultura é algo seguro sempre que se sigan as normas sanitarias e xustamente por isto e porque nos alegramos de que salgan adiante, sorpréndenos que non se lle de cumprimento a unha petición que nos pedían que se fixen uns meses para que se celebrara os plenos con público na Casa



da Cultura seguindounhas normas sanitarias. Entendemos e respectamos que no seu momento non se fixera pero non entendemos polo que agora mesmo levando o outono teatro adiante non se fixo. Cal é o motivo? E cando o pensa levar?

Contesta o Sr. González que o motivo é a situación, peor que cando vostedes fixeran esta pregunta, que xa tomaramos a decisión para que non haxa público, nalgúns casos xa se están facendo Plenos telemáticos como no Concello veciño pero hai unha razón de fondo. Estamos coa cultura pero o teatro se non hai público poden desenvolverse mentres que estes Plenos se non hai público poden desenvolverse, máximo cando temos tecnoloxía para que os veciños o vexan.

- **PREGUNTAS PRESENTADAS PARA O PRESENTE PLENO POR ESCRITO:**

- **Do BNG:**

O grupo municipal do BNG de Outes presenta as seguintes **preguntas:**

- Recentemente fóronlle engadidos uns novos peches a contedores no noso concello. Ten o concello un planeamento sobre o peche paulatino dos contedores? Cantos pensan pechar? Que criterio estético e funcional aplicarán?

Contesta o Sr. González que tal e como no seu momento prometeran no programa electoral a idea é que paulatinamente ir instalando eses balados arredor dos contedores e que é unha cuestión que mellora a estética e a seguridade dos contedores. O que pasa é que temos moitos e témolo que facer paulatinamente, fíxose unha primeira actuación onde se aproveitou para facelo en sitios lugares destacados do Concello o que pasa que teñen un custo elevado. Agora polo elevado custo optamos por outros de madeira que teñen un custo menor e son moi resistentes e nos parecen adecuados.

Pregunta a Sra. Suárez se teñen un plan de actuación o os lugares onde se vai realizar a actuación ao que o Sr. González responde que se realizará paulatinamente.

- En que situación se atopa o estudo sobre a mobilidade interna do concello?

Contesta o Sr. González que no que están comprometidos e traballando é na realización dun estudo máis amplo é un plan de mobilidade urbana, un plan que se está aprobando en moitas administracións, porque non só é importante polo función



que cumpre senón tamén para acceder nun futuro inmediato a fondos europeos. Pregunta a Sra. Suárez se o goberno pensa buscar solución en base á enquisa o que ó Sr. González responde que esa é outra pregunta e a Sra. Suárez di que é unha aclaración, continua o Sr. González que esa enquisa é unha parte pequena onde iniciamos, e no seu momento haberá estudos etc.

- No anterior pleno admitiron ser coñecedores da existencia de canalizacións de auga municipal de uralita. Non consideran esta situación perigosa para a saúde da nosa veciñanza? Pensan darlle solución a este problema?

Ambos voceiros indican que dita pregunta é a mesma que anteriormente polo que o Sr. González indica que se da por contestada pola pregunta que quedou sen contestar no Pleno anterior.

- No marco da fase 2 da reforma da Praza de Galicia, ten pensado o goberno aproveitar o teitado existente para outro lugar ou vaise desbotar?

Contesta o Sr. González que a idea do grupo de goberno é aproveitar e poder utilizar o teitado en principio para dar uso dentro do recinto escolar, que xa faláron coa dirección e que cren que vai cubrir unha necesidade dentro do recinto e esa é a nosa iniciación. Pregunta a Sra. Suárez se na parte de infantil ao que o Sr. González responde que habería que pensalo onde mellor lle conveña a dirección do colexio.

- Vai ratificar o goberno local a modificación no manifesto contra os eólicos?

Contesta o Sr. González que ese a pregunta é que se temos pensado traer o manifesto aquí ao que contesta que non o tiñan previsto. Aclara a Sra. Suárez que non queren dicir se teñen interese senón que o BNG insta para que o traia aquí, se estaría disposto a ratificalo. Indica o Sr. González que non entende a pregunta, se o trouxeramos e subscribimos ese manifestos pois si que o ratificaríamos.

- Achégase o día de todos os santos e preocúpanos que poidan existir situacións de risco nos cemiterios. Sabemos que os mesmos non son de titularidade municipal mais na situación actual entendemos que o concello, vendo as posibilidades, deba actuar para evitar conglomeracións nos mesmos. Vaise facer algo ao respecto? Existe algunha previsión, dispositivo, organización ou aviso ao respecto?

Contesta o Sr. González que existe unha normativa que publicou a Xunta de Galicia e que o que farán será a difusión dos protocolos desa normativa e como apunta os



cemiterios non son competencia nosa e o que apelamos é ao sentido común e que se cumpran as normas. Faremos difusión nas redes sociais das normas vixentes e que dende o parte do concello non está previsto máis actuacións.

- No pleno ordinario de Febreiro deste ano aprobouse por unanimidade unha moción do BNG na que se propoñía a creación dun espazo de dignificación da Marea da Serra nas curvas de Espiñeiro e se pedía que se limpara con urxencia ese espazo. Quetrámites se levaron a cabo? Cando pensan proceder coa limpeza ditoespazo? Existe algún proxecto ao respecto?

Contesta o Sra. González que no Pleno pasado o BNG xa preguntou sobre esta cuestión e respóndelle o mesmo, que nos xa contactamos con Costas de Galicia e puido ver este espazo e comprometeuse con nós para redactar un proxecto de intervención. Estamos agardando por el. Pregunta a Sra. González se a limpeza do mesmo non se pode realizar mentres ao que o Sr. González responde que entenden a debe facer o titular deses terreos.

- No pleno ordinario de Xullo deste ano aprobouse por unanimidade unha moción do BNG na que propoñíamos a creación dun mercado de excedentes agrarios e na que vostedes faloron de realizar un estudo antes de levala adiante. Que accións se levaron a cabo para dar cumprimento a dita moción? Estase facendo ou fíxose o estudo que vostedes faloron?

Contesta o Sr. González e indica que a proposta do estudo fíxoala o PP pero que o que están e agardando a AGADER xa que teñen liñas de axuda para este tipo de mercados e que aínda non se fixo pública. Se temos constatación de que non vai a saír ese que está anunciado seremos nos quen tomemos a iniciativa.

- **Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. Na última reunión que convocou vostede polo tema dos eólicos e na que trouxo a unha eminencia na materia como Xavier Simón do Observatorio eólico de Galicia, chamoume moito a atención que afirmou que os contratos firmados polo concello de Outes eran de RISA, xa que firmou vostede pola metade do que se firmou o último contrato cunha empresa eólica na zona de Pontevedra. A miña pregunta é, ¿firmou vostede por firmar ou ben asesorado polo seu "ASESOR NESTA MATERIA" o Sr. Monteagudo?

Contesta o Sr. González que ou el entendeu mal o que dixo o Sr. Simón ou o entendeu mal vostede. Estou seguro dende que eu son Alcalde este Concello non



asinou nada polo que non sei a que se refire vostede. Indica que pode que o Sr. Simón se estivera referindo aos contratos que esas empresas estaban facendo ou pódese referir ao que pasou fai anos. Dende logo parte vostede dunha premisa equivocada ao plantexar esta pregunta.

Toma a palabra o Sr. Caamaño afirmando que pode ser que el entendera mal.

PREGUNTA 2. Seguimos co tema dos eólicos que nos van dar para uns cantos plenos. A última información que eu teño sobre o informe ou alegación feito polo Biólogo o que vostede e mais eu fomos ver a Viladomonte, é que está ben feito, xa que considera varias opcións que as empresas encargadas de facer os informes de impacto ambiental non tiveron en conta. E tamén estou da cordo que para facer unha avaliación das distintas especies que por aquí habitan, terían que facer un estudo a conciencia de polo menos todo un ano de duración. Sen embargo, chócame moito que ese mesmo informe non estea firmado por ningún biólogo colexiado como sería perceptivo. E pregúntolle eu, acaso na factura correspondente (que supoño que haberá factura), non está firmada por un biólogo colexiado? ¿Ou o informe está feito por meu primo Francisco?. Digo eu que como tamén lle gusta a bioloxía tamén pode facer un escrito, pagámoslle ben e listo.

Responde o Sr. González que a factura non existe o que existe é o contrato e a factura cando se termine o traballo xa se remitirá e o importante é que este biólogo fixo un traballo moi importante para o que debe ser as alegacións do proxecto cando salga a información pública e pensan que iso é o relevante. Cando o biólogo teña a ben entregarnos un informe virá asinado por el.

- **PREGUNTAS ORAIS PARA SER CONTESTADAS NO SEGUINTE PLENO:**

• **Do PP:**

PREGUNTA 1. No Pleno ordinario de outubro do 2019 acordouse que o goberno realizaría a valoración económica, antes do 31 de marzo do 2020, de varias actuacións presentadas polo noso grupo en diferentes localizacións do Concello. O caso é que un ano despois de que se tomase este acordo e sete meses despois de finalizar o prazo que vostedes se comprometeron aínda faltan por facer a valoración de seis desas actuacións. Certo é que o 27 de xullo deste ano cando nos fixeron chegar algunhas desas valoracións dixéronnos que as que faltaban estarían nuns poucos días, pero tres meses despois eses poucos días aínda non chegaron. Ten o goberno municipal a vontade de cumprir co acordo plenario aínda que



evidentemente o faga con retraso? De ter esa vontade, cando podemos ter esas valoracións?

PREGUNTA 2. O pasado 21 de setembro en nome do grupo municipal do PP enviei unha petición ao goberno municipal a través da sede electrónica do Concello para que se nos dese acceso ao proxecto modificado da obra “Arranxo do local social de Viladomonte”, a día de hoxe, pasado máis dun mes, o autoproclamado goberno máis transparente do Concello de Outes aínda non se dignou a facer algo tan fácil como enviar un arquivo a un correo electrónico. Esa transparencia e participación da que fan tanta gala está resultando máis de boquilla que de feitos. As nosas preguntas son as seguintes: Hai algunha razón para que non se nos dea acceso a ese documento? E se a hai, cal é? Se teñen pensado facilitánelo, cando o farán?

PREGUNTA 3. Na relación de facturas F2020/30 de data 30.09.2020 e noutra do 01.10.2020, figuran dúas facturas, unha con data de entrada do 08.08.2020 por valor de 2.500, 83 € e outra con data de entrada do 06.09.2020 por valor de 1.089 €. No texto explicativo consignase a “variación inicial terapeuta ocupacional a domicilio debido ao peche do centro de día polo COVID-19”. Queriamos saber a que se refire exactamente ese texto e cal foi concretamente o servizo prestado.

PREGUNTA 4. Nos orzamentos que se aprobaron para o ano 2020, que se aprobaron con varios meses de retraso no Pleno extraordinario do 17.06.2020, consignaron vostedes no capítulo 6 de investimentos para este ano tanto o correspondente ao POS + 2019 como ao POS 2020, dando a falsa impresión de que os investimentos medraron moitísimo con respecto aos do ano anterior. A día de hoxe finalizado o mes de outubro non temos noticias de que se sacara ningunha licitación correspondente ao POS 2020 para poder executalas neste ano e darlle validez ao capítulo 6 desas actuación. Cando van sacar esas licitación?

PREGUNTA 5. No Pleno extraordinario do 17.06.2020 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de medidas de urxencia das axudas económicas para o mantemento da actividade económica e o emprego no Concello de Outes debido a crise provocada pola COVID-19. No Pleno do 30 de xullo o noso grupo preguntoulle cando as ían publicalas no BOP e cando os afectados ían poder acceder a eses cartos. No Pleno de agosto contestáronos que se publicaran o 26 de agosto, mes e medio despois do que o podían ter feito, que había que agardar 30 días para publicar a convocatoria, agardaron vostedes un mes máis e publicárona no BOP deste pasado 27 de outubro e que no mes de outubro se farían efectivas. Mañá remata outubro e fóronse acumulando os retrasos e o que vostede dixo non se cumpriu e os empresarios e autónomos afectados aínda non puideron materializar



esas axudas. En vista de que vostede dixo en outubro queremos volver a preguntarlle ao goberno municipal esperando que o que conteste desta volta sexa certo. Para que data os beneficiarios destas axudas van poder dispoñer de maneira efectiva das mesmas?

- **Do BNG:**

A voceira do BNG a Sra. Suárez sinala que a pregunta vai no mesmo senso que a anterior do PP.

PREGUNTA 1. Cando van poder dispoñer os beneficiarios das axudas que vostede tanto publicitou van ter por fin acceso a eles?

PREGUNTA 2. Relativo ao tema dos parque eólicos, vostede veuse obrigado tras unha moción deste grupo a contratar unha asesoría xurídica para a defensa dos intereses dos veciños, chegounos información por parte dalgúns dos afectados, de que esa asesoría xurídica lles dixo que non ten máis servizos contratados co Concello de Outes. Polo tanto, queremos saber si isto é verdade e que nos diga claramente cales foron as condicións nas que se contrataron esa asesoría e para que, en que tempo e en que forma.

7. ROGOS.

- **Do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:**

O grupo municipal do BNG de Outes presenta os seguintes **rogos**:

- En anteriores plenos fixemos varios rogos demandando a retirada de escombros na piscina e a limpeza da praza de en fronte da EDAR. Vendo que aínda non o fixeron, rogamos de novo a limpeza destes emprazamentos.
- Varios veciños de San Lourenzo fixéronnos chegar a súa petición para que o concello retire o alambrado vello e destrozado da pista. Rogamos que se atendan as súas demandas.
- Levamos vendo como nos últimos meses non se está a limpar os diferentes locais sociais do concello. Rogamos que se proceda co coidado habitual dos mesmos.



- No lugar de Lantarou, xusto baixando da praciña da parada, hai un pequeno vial que leva sen arranxar varias décadas e que se atopa nun estado lamentábel. Por desgraza sabemos que non é o único vial nesta situación mais entendemos que, neste caso, é urxente actuar para arranxalo xa que o abandono no que se atopa imposibilita a vida normal a unha persoa con discapacidade visual. Creemos ademais que, cando se arranxe definitivamente, deberase aproveitar, como vimos dicindo en diferentes ocasións, para preparar o lugar para unha futura conexión ao saneamento xa que, segundo nos consta, por alí pasa unha tubaxe principal do lugar que vai directa ao río. Rogamos que o goberno actúe con carácter de urxencia no adecentamento temporal do vial e que inclúa o arranxo do mesmo na partida máis próxima.
- Tamén no lugar de Lantarou levan a intemperie máis dun ano as pezas de pedra necesarias para facer a nova marquesiña mais aínda non se comezou sequera coa desmontaxe da anterior. Rogamos que procedan canda antes.
- **Do Partido Popular:**
- Sabemos que o no colexio da Serra hai un gran descontento por parte de numerosos pais e nais provocados pola situación creada por mor da implantación da xornada continua, a petición do Consello Escolar, mentres dure á crise da COVID-19 e polas alteracións no funcionamento do colexio que se están dando debido a este feito. Sabemos tamén que unha representación deses pais e nais tiveron contacto con vostedes e que lles expuxeron a situación que están sufrindo. Por iso, rogámoslle ao goberno municipal que tome nota das queixas que se fixeron chegar e que faga o que estea nas súas mans para buscarlle unha solución a ese tema.
- O seguinte rogo, indica a Sra. Molinos que é a terceira vez que o traen a un Pleno, tratase das sinais dos cruces das pistas da parcelaria da agra de Entíns que segue no mesmo que fai uns meses cando o pedimos por primeira vez. É certo que agora cortaron o millo e que a visibilidade mellorou moitísimo, pero ao que se refire das sinais non fixeron ningún caso, pedímoslle que solucionen ese asunto.
- Subindo de Aspera cara o Cruceiro de Roo hai unha sinal de STOP que leva tirada un montón de tempo e que pensamos que sería bo levantala. E outra máis que está na pista que vai da Agra de Fontenlos ata o areal que está na cuneta. Imaxinamos que hai máis que non vimos e podían dar unha volta.



- **Do BNG:**

- Hoxe non está aquí pero o compañeiro do PP Tomás e máis eu (expón os rogos o Sr. Núñez) saíndo dunha comisión non fai moito case nos atropela un coche aquí no paso de peóns entre o Concello e a farmacia, e é algo que xa falamos varias veces. Eses dous pasos de peóns son perigosos porque xa teñen acontecido accidentes e acontecen máis a miúdo do que deberan e consideramos que se deberían tomar medidas para a prevención de riscos. Polo que rogamos que o goberno analice para asegurar ese paso de peóns.
- Moitos veciños e veciñas cando atopan un obxecto perdido ou cando perden un obxecto non saben a onde dirixirse e quizás estaría ben que o goberno a través dos seus medios informara a posibilidade de depositalo na policía local ou de chamar á policía local para buscar se existe ese obxecto perdido en disposición do Concello.

- **Partido Socialista:**

- Na estrada que baixa do Silo á estrada de Tarás cando chove pásalle como a moitas outras estradas, que en vez de parecer estradas parecen regatos. Xa sei que estiveron na zona e que algo limpouse pero eu rogaríalle que á vez que limpan a Serra que reparen un pouco as cunetas e que fagan o posible para que as augas baixen encauzadas polas mesmas.
- Non sei se saben vostedes que, polo menos, na Rúa da Capela temos falta de presión de auga nalgúns pisos dependendo da altura, a uns tócanlle máis e a outros menos. Debido a isto non funcionan ben os quentadores, penso, dende a miña ignorancia, que xa ían vostedes a facer obras nesa rúa e que aproveiten, se cabe facelo ao mesmo tempo, e intenten solucionar o problema e non ter que levantar despois outra vez a rúa.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Remata a sesión ás 22:10 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

https://www.youtube.com/watch?v=_n0B5C3Sa1Y

